



DE PORTELA DE LEONTE AO PÉ DO CABRIL


Adela Leiro, Mon Daporta



Distancia: 3 km (lineal)

Dificultade: media

Duración: 2 horas




Unha camiñada curta para coñecer un dos puntos más emblemáticos do Parque Nacional da Peneda- Gerês, nas proximidades de Caldas do Gerês ou do Campo Gerês.


PERCORRIDO

A camiñada comeza detrás da Casa de Leonte e a primeira parte faise por un camiño, para desviarse logo á esquerda nun punto sinalado con mariolas e seguindoas chegamos, sen perda, ao pé do Cabril.

O carreiro ten tramos de forte desnivel e amplas panorámicas sobre a serra de Santa Eufemia, a Mata de Albergaría, o encoro da Caniçada e a serra do Gerês ao outro lado da falla pola que corren os ríos Caldo e Gerês, onde se atopa a estrada que vai á Portela do Homen.



O pé do Cabril, con 1.235 m é un domo granítico que coroa un tramo da serra do Gerês.



Vista cara ao noroeste, con Santa Eufemia (á esquerda) e a pena de Anamão, no Laboreiro



Cara leste o Pé do Cabril



Vista cara ao leste, coa Fraga de Albergaria e o Pé da Moega



Vista cara ao oeste, sobre o encoro de Vilariño das Furnas e a serra de Santa Eufemia



Vista cara ao sur, co encoro de Caniçada ao fondo



"Monstruos" nos cumes